


Problema664: Razoa se é correcta a seguinte afirmación: a solubilidade do cloruro de prata (sal pouco soluble) é igual en auga pura que nunha disolución de cloruro de sodio.



$$K_s = [\text{Ag}^+] \cdot [\text{Cl}^-] = s^2$$

A afirmación non é correcta. A diminución da solubilidade pola presenza dun ión común coñécese como efecto de ión común. Se engadimos ións cloruro a esta disolución, a través do cloruro de sodio, segundo o Principio de Le Chatelier, o equilibrio desprazarase no sentido de contrarrestar a modificación producida, se aumenta a concentración de ións cloruro o equilibrio consómeos, desprazándose cara aos reactivos, é dicir diminuíndo a solubilidade do cloruro de prata.

Na constante de produto de solubilidade tamén observamos que se se incrementa a concentración de ións cloruro debe diminuír a concentración de ións prata, e por tanto a solubilidade, para que a constante siga mantendo o seu valor.